

EDUCACIÓN AUDITIVA E VOGAL

EDUCACIÓN AUDITIVA E VOGAL

MARCO LEGAL

-Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).

-Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

-Orde do 4 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE).

Ademais destes textos fundamentais baseámonos tamén no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado; a Circular 21/2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza; a Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música; a Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental.

I. INTRODUCCIÓN

O obxectivo básico de toda educación musical consiste en aproximar un obxecto tan prezado e estimable como é a música á percepción total do ser humano. A educación auditiva e a educación vogal supoñen un vehículo indispensable para a consecución deste obxectivo.

Historicamente, a formación musical centrouse en dous aspectos fundamentais: por unha banda, a ensinanza dirixiuse aos problemas da adquisición de habilidades de execución vocal ou instrumental e, por outra, intentou afondar no coñecemento relativo á estrutura do discurso musical.

Habitualmente considérase o oído musical como unha habilidade indispensable nos desempeños musicais. Dependendo do punto de vista, esta habilidade pódese considerar desde un atributo innato do músico, independentemente da cultura musical á que pertenza, ata o resultado dun meticuloso e ordenado proceso de aprendizaxe relacionado intimamente co coñecemento cultural específico que implica o saber escoitar. Ambos os puntos de vista conflúen na consideración de que a educación auditiva e vocal debe ser propedéutica na formación académica dun músico.

Así mesmo, constitúe un feito equivocado considerar que o instrumentista non necesita cantar. A experiencia vogal halle proporcionar unha dimensión humana máis interiorizada do son físico. Saber cantar con musicalidade halle posibilitar a comprensión dun fragmento e, por tanto, aforrar moito esforzo no proceso de aprendizaxe instrumental.

Se o canto é, ademais, polifónico, multiplícanse os poderes pedagóxicos. A plasticidade espacial deste fenómeno polisonoro, polirrítmico, politímbrico e polidinámico achégalle ao alumnado unha dimensión social e artística única e insubstituíble.

O futuro profesional debe ser quen de escoitar e cantar co seu propio corpo físico e emocional, potenciar as súas capacidades perceptivas e coñecer a música integralmente. É dicir, debe poder apreciar e sentir a música non só co intelecto senón tamén cos outros sentidos; de aí que o traballo de desenvolvemento auditivo e vocal estea integrado en tres fases: auditiva, analítica e perceptivo-sensorial.

Xa que logo, o maior esforzo do profesorado debería centrar na recuperación dunha percepción espontánea e desinteresada dos sons, a través do aumento -cualitativo e cuantitativo da estimulación auditiva do alumnado a través do son, da música e das cancións. O folclore musical constitúe un tipo de alimento auditivo-espiritual completo, denso, pero ao mesmo tempo inocuo, capaz de preparar o oído e a sensibilidade para futuras adquisicións e para unha etapa de madurez.

II. OBXECTIVOS XERAIS

1. Valorar a importancia da memoria como recurso indispensable no desenvolvemento da audición activa.
2. Afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).
3. Potenciar a memoria como base para a formación do oído interno.
4. Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.

III. CONTIDOS XERAIS

Os seguintes contados traballaránse perante os catro cursos nos que se imparte a materia, tendo en cada un dos cursos particularidades propias do nivel, que se detallarán no capítulo correspondente a cada un dos cursos:

A. Educación vogal.

1. Coñecemento e práctica da respiración, a relaxación e a vocalización, tanto na voz falada como na voz cantada.
2. Sensibilización pola afinación e polo empaste.
3. A articulación e o fraseo.
4. canon como recurso didáctico para a iniciación coral.
5. Práctica da canción popular e da canción de autor a unha, a dúas e tres voces.
6. Improvisación vogal con proposta previa.

B. Educación auditiva.

1. Sensibilización e recoñecemento dos movementos melódicos.
2. Reprodución escrita dos movementos melódicos, rítmicos e melódico-rítmicos.
3. Recoñecemento auditivo e reprodución escrita de intervalos melódicos maiores, menores e xustos, que non excedan da oitava.
4. Recoñecemento auditivo e reprodución escrita de intervalos harmónicos maiores, menores e xustos, que non excedan da oitava.
5. Sensibilización e identificación do modo maior e menor.
6. Identificación auditiva da alteración accidental.
7. Identificación auditiva da tonalidade: escalas, graos e funcións.

8. Coñecemento e identificación dos elementos formais (frases, cadencias, etc.) e das formas básicas. Reprodución escrita dunha composición a dúas voces: o baixo realizarase utilizando os graos tonais.
9. Identificación de erros e diferenzas entre un fragmento escrito e un escoitado.

III. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación serán os mesmos en cada un dos catro cursos nos que se imparte a materia, tendo en conta o grao de maduración e desenvolvemento que esixen os contidos plantexados para cada nivel. Así, os seguintes criterios teranse en conta para avaliar o proceso do alumno na materia:

1. Identificar os erros e as diferenzas existentes entre un fragmento escrito e o escoitado. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para discriminar auditivamente as posibles diferenzas entre o escoitado e o escrito.
2. Identificar auditivamente o modo maior e menor dunha obra ou dun fragmento. Preténdese constatar a capacidade do alumnado para recoñecer este fundamental aspecto da audición dándolle elementos para a súa audición intelixente.
3. Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para percibir aspectos distintos (rítmicos, melódicos, cadenciais, formais, tímbricos, etc.), tras seleccionar os aspectos que se deban identificar ou ben deixando que se identifiquen libremente os aspectos que resulten máis notorios.
4. Reproducir por escrito fragmentos rítmicos escoitados. Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para recoñecer e reproducir aspectos rítmicos coñecidos.
5. Reproducir por escrito fragmentos melódicos escoitados. Avaliamos aquí a capacidade de interiorizar e reproducir graficamente movementos melódicos con sentido tonal.
6. Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos melódico-rítmicos escoitados. Trátase de avaliar a destreza para captar conxuntamente os aspectos melódicos e rítmicos do fragmento escoitado.
7. Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos musicais a dúas voces. Con este criterio de avaliación compróbase a percepción do alumnado constatando a faceta polifónica da audición.
8. Entoar, integrándose no grupo, unha das voces dun canon ou fragmento musical polifónico. Con esta proba trátase de obxectivar a destreza do alumnado para se adaptar musicalmente e sonoramente a un grupo.
9. Amosar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual nos estudos e os métodos de traballo. Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo os métodos de traballo e as indicacións do profesorado, desenvolvendo así unha autonomía que lle permita unha certa valoración do rendemento.

PRIMEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

I. CONTIDOS ESPECÍFICOS

A. Educación auditiva

1. Pulso, fragmentos de varios pulsos, percepción do pulso.
2. Sons largos e curtos a través de liñas longas e curtas para a preparación da diferenciación clara entre as negras e as corcheas.
3. Silencio representado co signo de conxunto valeiro para a preparación á execución dos mesmos. Percepción dos mesmos.
4. Alturas: grave-agudo a través de notas que exercitan a percepción da altura relativa do son.
5. Direccións básicas do son: ascendente, descendente e lineal e percepción das mesmas.
6. Direccións combinadas do son e a súa percepción.
7. Análise de melodías para o perfeccionamento dos conceptos estudados.
8. Escritura musical e a súa caligrafía, iniciación a mesma comenzando polas negras e os seus silencios así coma a clave de sol.
9. Tónica e dominante como exercizo para diferenciar o reposo e a tensión respectivamente e asimesmo seu recoñecemento auditivo.
10. Melodías en pregunta-resposta para traballar a percepción da frase musical.
11. Acentuación co seu conseguente acento como orixe do compás.
12. Ditados combinados en 2/4.
13. División do pulso en dúas partes iguais, é dicir, traballo das corcheas.
14. Visualización e memorización de fórmulas rítmicas e o seu recoñecemento, ca base das notas sol3 e la3.
15. Figura de dous pulsos: branca e percepción a duplicación do pulso base.
16. Identificación das diferentes fórmulas rítmicas xa traballadas.
17. O acorde maior a través do seu arpexio ca súa percepción melódica.
18. Memorización e repetición de deseños en brancas, negras, corcheas e silencios de negra.
19. Ditados, erros e fórmulas, iniciación ao dictado por fragmentos.
20. A oitava a través do acorde maior cos correspondentes ditados.
21. Ritmo ternario, compás de $\frac{3}{4}$, a súa percepción e práctica.
22. A branca con puntillo, percepción e práctica dos sons de tres pulsos.
23. Introducción dos sons intermedios (de paso) no acorde maior, re e fa, ou sexa, melodías por graos conxuntos.
24. Compases binarios e ternarios: identificación auditiva dos mesmos.
25. Traballo da zoa aguda do acorde e os seus sons, graos conxuntos e disxuntos.
26. Ditados e análise de melodía popular, percepción dos elementos estudados.
27. A escala: graos conxuntos e disxuntos.
28. A negra con puntillo co seu traballo auditivo baseado neste ritmo.
29. Os sons graves, clave de Fa, percepción e identificación de estos sons.
30. A redonda, o compás de 4/4. Percepción e práctica dos valores de catro pulsos.
31. Ditados de compases, melodías e análise tendo coma obxectivo unha boa percepción e identificación dos mesmos.

B. Educación vogal

1. Coñecemento e práctica da respiración, a relaxación e a vocalización, tanto na voz falada como na voz cantada.
2. Sensibilización pola afinación e polo empaste.
3. Canon como recurso didáctico para a iniciación coral.
4. Práctica da canción popular e da canción de autor a unha voz.
5. Entoación das escalas de Do M e la m e arpexio de tónica.
6. Melodías cun ámbito de Si³ a Re⁵.
7. Principios da correcta emisión da voz e aplicación da coma de respiración.
8. Entoación de fragmentos "a capella", sen compás e de pequenas obras con acompañamento pianístico.
9. Utilización improvisada dos elementos da linguaxe musical con ou sen proposta previa.
10. Correcta realización da ligadura de expresión, así coma dos diferentes elementos da dinámica: pp, p, mp, mf, f, ff, cresc., dim., reguladores e dos elementos da agónica: rit., rall., accell.

Criterios de Avaliación:

- Aspectos actitudinais: actitude en xeral, bo comportamento, disposición ao traballo, realización das tarefas propostas, esforzo, interese e motivación, respecto aos compañeiros e compañeiras, ao docente e a aula.
- Habilidades auditivas.
- Habilidades vogais.

O profesorado emitirá unha cualificación final despois de facer unha valoración das aprendizaxes e da madurez académica acadada en relación aos obxectivos xerais e no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo . Os resultados expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5.

DESENVOLVEMENTO AUDITIVO

- Corrección na escritura.
- Liña melódica e rítmica.
- Identificación do compás.
- Coherencia entre a tonalidade proposta e a melodía escrita.
- Coherencia entre o compás proposto e a rítmica escrita.

DESENVOLVEMENTO VOGAL

- Emisión e afinación.
- Manifestación de tonalidade.
- Entoación do modo maior e menor.
- Dinámica e expresión.

En todo caso, cada profesor ou profesora terá como referencia a consecución por parte do alumnado dos mínimos esixibles do curso correspondente como contidos esenciais para superar a materia.

Mínimos esixibles

- Reproducir por escrito fragmentos rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos escoitados.
- Interpretar melodías sinxelas en Do Maior respectando o ritmo e a afinación e atendendo aos signos de tempo, dinámica e carácter.
- Entoar cancións ou fragmentos de memoria axeitados ao curso.

SEGUNDO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

I. CONTIDOS ESPECÍFICOS

A. Educación auditiva

1. División do pulso: percepción e práctica da corchea e o seu silencio.
2. Ditados melódicos en Do M. Práctica da memoria musical mediante pequenos fragmentos.
3. Modos maior e menor: Do M. e la m. e a súa diferenciación auditiva.
4. Diferenciación de intervalos numéricos e notas a contratempo: silencio de corchea seguido da mesma figura. Práctica de todo con ditados en Do M.
5. As semicorcheas misturadas con elementos xa vistos anteriormente: División do pulso en 4 fraccións, memorización por agregación de elementos, ditados en La m. e percepción de erros.
6. Notas a contratempo e síncopas, combinacións de silencio de corchea e corchea, e tamén corchea-negra-corchea no que se refire a síncopa.
7. Distinción entre os modos maior e menor. Traballo e percepción asimesmo da sensible a través da escala menor armónica. Ditados en la m.
8. Negra con puntillo. Percepción e práctica de dita combinación, diferenciación de fragmentos e compases e análise musical con ditados en Do M. e la m.
9. Módulos, a sensible, continuación dos obxectivos do bloque anterior. Análises e ditados en Do M. e la m.
10. Pulso ternario. 6/8. Intervalos numéricos e introducción a tonalidade de Fa M.
11. Diferenciación entre pulso binario e ternario e ditados musicais en Fa M.
12. Profundización no traballo de ritmos binarios e ternarios, acordes maiores e menores e introducción á tonalidade de re m.
13. Ditados musicais en Re M.
14. Percepción auditiva do ritmo sincopado e práctica auditiva sobre fórmulas, memorización e erros. Ditados en Sol M.
15. Continuación do bloque anterior e tamén ditados na nova tonalidade de mi m.
16. O tresillo: diferenciación do pulso binario e ternario dentro do mesmo compás. Práctica de todo isto con ditados en varias tonalidades.
17. Continuación do bloque anterior con ditados en todas as tonalidades traballadas.

B. Educación vogal

1. Coñecemento e práctica da respiración, a relaxación e a vocalización, tanto na voz falada como na voz cantada.
2. Sensibilización pola afinación e polo empaste.
3. Canon como recurso didáctico para a iniciación coral.
4. Práctica da canción popular e da canción de autor a unha e dúas voces.
5. Entoación de melodías en tonalidades de ata unha alteración na armadura e da alteración accidental do VII do modo menor.
6. Correcta execución dos cromatismos e floreos.
7. Entoación de Intervalos xustos, 3M e 3m.
8. Entoación de fragmentos con e sen acompañamento pianístico.
9. Utilización improvisada dos elementos da linguaxe musical con ou sen proposta previa.

Criterios de Avaliación:

Os mesmos que os expostos para o primeiro curso atendendo aos obxectivos e contidos traballados neste segundo nivel.

Mínimos esixibles

- Reproducir por escrito fragmentos rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos escoitados.
- Identificar auditivamente os intervalos traballados no curso.
- Interpretar melodías sinxelas en tonalidades ata unha alteración respectando o ritmo e a afinación e atendendo aos signos de tempo, dinámica e carácter.
- Entoar de memoria cancións ou fragmentos axeitados ao curso.

TERCEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

I. CONTIDOS ESPECÍFICOS

A. Educación Auditiva

1. Tonos e semitonos. Intervalos de 2ª, 3ª e 4ª. Acordes M e m. Asimilación e práctica de todos eles con ditados a unha e a dúas voces.
2. Todo o traballado no apartado anterior sumando a memorización, a práctica de fórmulas e esquemas rítmicos e identificación de erros habituais.
3. Todo o traballado no apartado anterior con intervalos de 5ª, 6ª, 7ª e 8ª.
4. Todo o traballado no apartado anterior con intervalos dende a 2ª ate a 8ª.
5. Práctica dos intervalos en número e especie dende a 2ª ate a 5ª, deseños e acordes. Todo a unha e a dúas voces.
6. Todo o traballado no apartado anterior con intervalos de 6ª, 7ª e 8ª.
Todo elo facendo fíncapé tamén na memorización.
7. Todo o traballado no apartado anterior con intervalos dende a 2ª ate a 8ª.
Traballo tamén de compases e análise.

B. Educación vogal

1. Coñecemento e práctica da respiración, a relaxación e a vocalización, tanto na voz falada como na voz cantada.
2. Sensibilización pola afinación e polo empaste.
3. Práctica da canción popular e da canción de autor a dúas voces.
4. Entoación de Escalas con ata dúas alteracións propias, con alteración do VI e VII graos do modo menor.
5. Execución dos cromatismos, floreos e das alteracións accidentais que se resúlvén por semitono e non producen ningún intervalo aumentado ou diminuído.
6. Entoación de intervalos xustos y 2M, 2m, 3M y 3m.
7. Execución de melodías baseadas en acordes perfectos Maiores e menores, de escalas Maiores e menores (natural, armónica y melódica), así coma con intervalos xustos, 2M, 2m, 3M e 3m.
8. Interpretación dos conceptos expresivos dunha obra.
9. Utilización dos termos agónicos e dinámicos, tempo e carácter.
10. Utilización improvisada dos elementos da linguaxe musical con ou sen proposta previa.

Criterios de Avaliación:

Os mesmos que os expostos para o primeiro curso atendendo aos obxectivos e contidos traballados neste terceiro nivel.

Mínimos esixibles

- Reproducir por escrito fragmentos rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos escoitados.
- Identificar auditivamente os intervalos traballados no curso.
- Interpretar melodías sinxelas en tonalidades ata tres alteracións respectando o ritmo e a afinación e atendendo a todos os signos de tempo, dinámica e carácter.
- Entoar de memoria cancións ou fragmentos axeitados ao curso.

CUARTO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

I. CONTIDOS ESPECÍFICOS

A. Educación Auditiva

1. Práctica de intervalos melódicos e armónicos. Diferenciación de compases. Diferenciación auditiva dos catro tipos de escalas menores. Series de teceiras e sextas. Todo traballado en ditados de unha e duas voces.
2. Práctica da frase musical, as equivalencias nos cambios de compás nas súas variantes de binario, ternario e cuaternario. Ditas equivalencias daranse entre figuras iguais ou diferentes. Os intervalos de 4ª. Ditados a unha e duas voces con totalas variantes.
3. Introducción á práctica dos acordes completos e incompletos. Práctica analítica sobre melodías. Ditados a unha e duas voces.
4. Diferenciación auditiva de intervalos melódicos y armónicos, compases variados, e escalas menores dos catro tipos. Traballo especial das quintas. Ditados a unha e duas voces.
5. Incidencia en tódalas variantes posibles: compases binarios, ternarios e cuaternarios; intervalos melódicos e armónicos; acordes completos e incompletos; frase e análise musical; toda clase de número e especie e tódalas variantes das escalas menores. Ditados a unha e duas voces.

B. Educación vogal

1. Coñecemento e práctica da respiración, a relaxación e a vocalización, tanto na voz falada como na voz cantada.
2. Sensibilización pola afinación e polo empaste.
3. Práctica da canción popular e da canción de autor a dúas e tres voces.
4. Entoación de escalas con ata tres alteracións propias.
5. Execución das alteraciones accidentales del VI y VII grados del modo menor, así coma a entonación da 2 aumentada no modo menor (pola alteración do VII grado).
6. Utilización dos cromatismos e floreos e interpretación de términos dinámicos, agónicos, de tempo e de carácter.
7. Entoación de intervalos xustos, maiores e menores.

Criterios de Avaliación:

Os mesmos que os expostos para o primeiro curso atendendo aos obxectivos e contidos traballados neste cuarto nivel.

Mínimos esixibles

- Reproducir por escrito fragmentos rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos escoitados.
- Identificar o compás e o modo das melodías escoitadas.
- Identificar auditivamente os intervalos traballados no curso.
- Interpretar melodías sinxelas en tonalidades ata catro alteracións con corrección na entoación e o ritmo e atendendo a todos os signos de tempo, dinámica e carácter.
- Entoar de memoria cancións ou fragmentos axeitados ao curso.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula :

Dita concesión podrá facerse en cursos que non sexan final de grao.

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- *A solicitude de ampliación de matrícula a outro curso académico deberá ser **solicitada pola persoa interesada** (no caso de maiores de idade, no caso de menores deberá ser solicitada polos titores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.*
- *A **comisión de avaliación** (formada polo profesorado que lle imparte materias ao interesado/a) deberá avaliar mediante un **exame** por cada unha das asignaturas do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar **antes de que comece o 2º trimestre do curso**.*
- *A comisión emitirá un informe que **será favorable** se o/a solicitante acadara unha **nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames**.*
- *O **Consello Escolar**, á vista dos informes da comisión de avaliación **decidirá sobre a ampliación ou non** do alumnado proposto*

Anexo. Rúbricas.

Salvo indicación expresa, os marcadores serán.

- 4/Sempre: o 100% do valor do ítem.
- 3/Case sempre: o 75% do valor do ítem.
- 2//Ás veces: o 50% do valor do ítem.
- 1//Casi nunca: o 25% do valor das veces.
- Se o marcador é “Nunca”, non recibe puntuación nese ítem.

Rúbricas Avaliación ordinaria.

1º G.E- Educación Auditiva e vogal.

No tocante á educación vogal, usarase a rúbrica de “Entonación” descrita no apartado correspondente a 1º G.E- Linguaxe Musical da programación de Linguaxe Musical.

Audición				
	4 Sempre	3 Case Sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Transcribe con precisión rítmica. (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Transcribe con precisión melódica (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Recoñece auditivamente pulso, acento e compás. (20%)	2p.	1,5p.	1p.	0,5p.
Recoñece as función tonais traballadas. (20%)	Identifica e recoñece as funcións tonais, modo maior e menor recollidos na Programación 2p.	Identifica e recoñece a maioría das funcións tonais, modo maior e menor. 1,5p.	Identifica e recoñece algunha das funcións tonais, modo maior e menor. 1p.	Non identifica nin recoñece ningunha das función tonais, nin o modo maior e menor. 0,5p.

2º G.E.- Educación Auditiva e Vogal.

No tocante á educación vogal, usarase a rúbrica de “Entonación” descrita no apartado correspondente a 2º G.E- Linguaxe Musical.

Audición

	4 Sempre	3 Case Sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Transcribe con precisión rítmica. (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Transcribe con precisión melódica (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Recoñece auditivamente pulso, acento e compás. (20%)	2p.	1,5p.	1p.	0,5p.
Recoñece as función tonais traballadas. (20%)	Identifica e recoñece as funcións tonais, modo maior e menor recollidos na Programación 2p.	Identifica e recoñece a maioría das funcións tonais, modo maior e menor. 1,5p.	Identifica e recoñece algunha das funcións tonais, modo maior e menor. 1p.	Non identifica nin recoñece ningunha das función tonais, nin o modo maior e menor. 0,5p.

3º G.E.- Educación Auditiva e Vogal.

No tocante á educación vogal, usarase a rúbrica de “Entonación” descrita no apartado correspondente a 3º G.E- Linguaxe Musical.

Audición

	4 Sempre	3 Case Sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Transcribe con precisión rítmica. (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Transcribe con precisión melódica (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Recoñece auditivamente pulso, acento e compás. (20%)	2p.	1,5p.	1p.	0,5p.
Recoñece as función tonais traballadas. (20%)	Identifica e recoñece as funcións tonais, modo maior e menor recollidos na Programación 2p.	Identifica e recoñece a maioría das funcións tonais, modo maior e menor. 1,5p.	Identifica e recoñece algunha das funcións tonais, modo maior e menor. 1p.	Non identifica nin recoñece ningunha das función tonais, nin o modo maior e menor. 0,5p.

4º G.E.- Educación Auditiva e Vogal.

No tocante á educación vogal, usarase a rúbrica de “Entonación” descrita no apartado correspondente a 4º G.E- Linguaxe Musical.

Audición				
	4 Sempre	3 Case Sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Transcribe con precisión rítmica. (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Transcribe con precisión melódica (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Recoñece auditivamente pulso, acento e compás. (20%)	2p.	1,5p.	1p.	0,5p.
Recoñece as función tonais traballadas. (20%)	Identifica e recoñece as funcións tonais, modo maior e menor recollidos na Programación 2p.	Identifica e recoñece a maioría das funcións tonais, modo maior e menor. 1,5p.	Identifica e recoñece algunha das funcións tonais, modo maior e menor. 1p.	Non identifica nin recoñece ningunha das función tonais, nin o modo maior e menor. 0,5p.

Rúbricas avaliación extraordinaria.

1º G.E.

No tocante á educación vogal, usarase a rúbrica de “Entonación” descrita no apartado correspondente a 3º G.E- Linguaxe Musical.

Audición

	4 Sempre	3 Case Sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Transcribe con precisión rítmica. (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Transcribe con precisión melódica (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Recoñece auditivamente pulso, acento e compás. (20%)	2p.	1,5p.	1p.	0,5p.
Recoñece as función tonais traballadas. (20%)	Identifica e recoñece as funcións tonais, modo maior e menor recollidos na Programación 2p.	Identifica e recoñece a maioría das funcións tonais, modo maior e menor. 1,5p.	Identifica e recoñece algunha das funcións tonais, modo maior e menor. 1p.	Non identifica nin recoñece ningunha das función tonais, nin o modo maior e menor. 0,5p.

2º G.E.

No tocante á educación vogal, usarase a rúbrica de “Entonación” descrita no apartado correspondente a 3º G.E- Linguaxe Musical.

Audición

	4 Sempre	3 Case Sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Transcribe con precisión rítmica. (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Transcribe con precisión melódica (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Recoñece auditivamente pulso, acento e compás. (20%)	2p.	1,5p.	1p.	0,5p.
Recoñece as funcións tonais traballadas. (20%)	Identifica e recoñece as funcións tonais, modo maior e menor recollidos na Programación 2p.	Identifica e recoñece a maioría das funcións tonais, modo maior e menor. 1,5p.	Identifica e recoñece algunha das funcións tonais, modo maior e menor. 1p.	Non identifica nin recoñece ningunha das funcións tonais, nin o modo maior e menor. 0,5p.

3º G.E.

No tocante á educación vogal, usarase a rúbrica de “Entonación” descrita no apartado correspondente a 3º G.E- Linguaxe Musical.

Audición

	4 Sempre	3 Case Sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Transcribe con precisión rítmica. (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Transcribe con precisión melódica (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Recoñece auditivamente pulso, acento e compás. (20%)	2p.	1,5p.	1p.	0,5p.
Recoñece as función tonais traballadas. (20%)	Identifica e recoñece as funcións tonais, modo maior e menor recollidos na Programación 2p.	Identifica e recoñece a maioría das funcións tonais, modo maior e menor. 1,5p.	Identifica e recoñece algunha das funcións tonais, modo maior e menor. 1p.	Non identifica nin recoñece ningunha das función tonais, nin o modo maior e menor. 0,5p.

4º G.E.

No tocante á educación vogal, usarase a rúbrica de “Entonación” descrita no apartado correspondente a 3º G.E- Linguaxe Musical.

Audición

	4 Sempre	3 Case Sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Transcribe con precisión rítmica. (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Transcribe con precisión melódica (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Recoñece auditivamente pulso, acento e compás. (20%)	2p.	1,5p.	1p.	0,5p.
Recoñece as función tonais traballadas. (20%)	Identifica e recoñece as funcións tonais, modo maior e menor recollidos na Programación 2p.	Identifica e recoñece a maioría das funcións tonais, modo maior e menor. 1,5p.	Identifica e recoñece algunha das funcións tonais, modo maior e menor. 1p.	Non identifica nin recoñece ningunha das función tonais, nin o modo maior e menor. 0,5p.

Rúbrica para a proba de acceso a 1º do Grao Profesional e a outros cursos do grado Elemental.

No tocante á educación vogal, usarase a rúbrica de “Entonación” descrita na programación de Linguaxe Musical.

Audición				
	4 Sempre	3 Case Sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Transcribe con precisión rítmica. (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Transcribe con precisión melódica (30%).	Recoñece e escribe con exactitude os exercicios propostos. 3p.	Recoñece e escribe poucas dificultades os exercicios propostos. 2,25p.	Recoñece e escribe, con dificultade os exercicios propostos. 1,5p.	Non recoñece nin escribe os exercicios propostos. 0,75p.
Recoñece auditivamente pulso, acento e compás. (20%)	2p.	1,5p.	1p.	0,5p.
Recoñece as función tonais traballadas. (20%)	Identifica e recoñece as funcións tonais, modo maior e menor recollidos na Programación 2p.	Identifica e recoñece a maioría das funcións tonais, modo maior e menor. 1,5p.	Identifica e recoñece algunha das funcións tonais, modo maior e menor. 1p.	Non identifica nin recoñece ningunha das función tonais, nin o modo maior e menor. 0,5p.